



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE NOVEMBRO DE 2011

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2625/2010.- MARCELINO LÓPEZ GARCÍA. Reforma de vivenda unifamiliar illada no lugar de Feáns,6.

LIC/334/2007.- EDUARDO VIDAL LOPEZ. Construción de vivenda unifamiliar no lugar de San Cristóbal de Enfesta.

LIC/2111/2009.- DANIEL GONZALEZ FRANCO. Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de febreiro de 2010 para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Corexo.

OCIHR

LICENZAS

Nº EXPT	SOLICITANTE	ENDEREZO	DESCRIPCION
LIC/1542/2011	MARÍA LEONOR PLANELLES BARREIRO	EDUARDO PONDAL Nº 19	REFORMA PARCIAL DA VIVENDA UNIFAMILIAR

DEVOLUCIÓNS FIANZAS

LIC/697/2009.- ANA MARÍA LÓPEZ REGOS.- Devolución de fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación e unión de 2 vivendas na rúa Algalia de Arriba, 16-2º A (LIC/1489/2009).

DIS/409/2011.- MARÍA ASUNCIÓN LÓPEZ ARANJUELO.- Devolución de fianza depositada en garantía pola ocupación da vía pública na rúa San Roque nº 22. O importe da fianza é de 601. €.

DIS/904/2011.- MARÍA DIGNA MALLO TUÑAS.- Devolución de fianza depositada en garantía pola ocupación da vía pública na ruela do Peso nº 6. O importe da fianza é de 601. €.

DIS/905/2011.- MARÍA DIGNA MALLO TUÑAS.- Devolución de fianza depositada en garantía pola ocupación da vía pública na rúa Entregaleras nº 8. O importe da fianza é de 601. €.

5.- Prórroga do contrato de alugamento de local sito na Calzada das Cancelas-19, para uso sociocultural.

A XGL aprobou prorrogar o contrato de aluguer do local que o Concello vén utilizando como Centro Sociocultural na rúa Calzada das Cancelas, 19. Aprobouse prolongar o contrato durante un ano, ata o 15 de xullo de 2012. Así mesmo o Concello pactou co propietario non revisar o IPC durante esta prórroga polo que o precio de aluguer non sofre variación. Importe: 662,92 €.

6.- Prórroga do contrato de alugamento de local para uso sociocultural no barrio de San Pedro.

Tamén se aprobou a prórroga dun ano para o local situado na rúa Fraguas, 37, que o Concello vén utilizando como Centro Sociocultural no Barrio de San Pedro. O igual que a prórroga anterior non haberá revisión do IPC. Importe: 833,29 €.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso dos polideportivos de Vite e Lorenzo de la Torre para a práctica do minibásquet na tempada 2011/2012.

A XGL aprobou conceder a utilización dos Polideportivos de Vite e Lorenzo de la Torre á Federación Galega de Baloncesto para a súa utilización na nova tempada de minibásquet. Ademais a Federación Galega de Baloncesto poderá organizar outras actividades nestes pavillóns. A FGB responsabilizarse da correcta organización das súas actividades deportivas, quedando obrigada a adoptar as medidas preventivas obrigatorias que sexan precisas para correcto desenvolvemento das mesmas.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso de diversos pavillóns municipais e campos de fútbol durante a tempada 2011/2012.

A XGL tamén aprobou conceder o uso de pavillóns municipais e campos de fútbol á Asociación de Deportistas Veteranos para as diferentes actividades que realizarán na tempada 2011/2012. Corresponderalle a esta asociación a correcta organización das actividades e as medidas a tomar para que se realicen correctamente.

10.- Dar conta polo concelleiro delegado de Centros Socioculturais do 2º pago da subvención nominativa concedida pola Deputación para financiar o sostemento de catro centros socioculturais do rural durante 2010.

Deuse conta á XGL dos trámites realizados para os efectos de xustificación para o pago pola Deputación do segundo prazo da subvención para o mentemento de 4 Centro Socioculturais. O importe do segundo pago foi de 56.000 €.

11.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial de A Coruña para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda.

Deuse conta á XGL da firma do Convenio coa Deputación de A Coruña co obxecto de establecer as bases de colaboración para o programa municipal de erradicación do chabolismo e das infravivendas como expresión da marxinalidade da provincia. Para cofinanciar o coste das retribucións do persoal dos equipos a Deputación achega 30.000 €.

12.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial de A Coruña para o financiamento do Plan de Competitividade Turística.

Deuse conta á XGL da sinatura do Convenio entre o Concello e a Deputación para a colaboración no financiamento do Programa de Competitividade Turística. O programa que contén programas de calidade, promoción de actividades e produtos, publicacións entre outros contará cun financiamento de 437.500 €, dos que a Deputación achegará 350.000 €.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Normalización Lingüística relativa á adhesión á rede de dinamización lingüística da Xunta de Galicia.

A XGL aprobou a solicitude de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística. O representante político neste órgano será o Concelleiro de Educación e Normalización Lingüística, e a representante técnica do Concello será a técnica de Normalización lingüística.

14.- Aprobación de diversos convenios entre o Concello e a Xefatura Provincial de Tráfico.

Apróbase un convenio de colaboración coa Xefatura Provincial de Tráfico co fin de facilitar que os datos dos vehículos de persoas que se empadroan en Santiago pasen a formar parte automaticamente das base de datos do Concello.

16.- Aprobación do proxecto e adxudicación das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade á escola infantil de Salgueiriños, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o periodo 2007-2013.

A XGL aprobou o proxecto e adxudicación da obra para a mellora da mobilidade e accesibilidade á Escola Infantil de Salgueiriños, incluída no Programa Urbana Norte, cofinanciado pola UE e con cargo aos Fondos FEDER. O importe desta actuación é de 19.652,68 €.

17.- Proposta da Concelleira delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

URXENCIAS

1.- Apróbase unha nova edición do concurso de escaparatismo SCQ Shopping, edición Nadal, dentro da que se repartirán 3 premios por un importe global de 10.879 euros.

2.- Reprogramase o orzamento do programa europeo Park Atlantic.